

BASES DO III CONCURSO DE SAMAÍN

“Pinta e crea a túa cabaza de Samaín”

Contido Bases Legais Concurso

1. Obxecto e finalidade

O Concello de Vilalba, a través da súa Concellería de Educación, Infancia e Mocidade, Feiras e Mercados e Turismo, convoca o III concurso de Samaín “Pinta e crea a túa cabaza de Samaín” destinado a representar a través desta modalidade artística a festividade do Samaín.

2. Persoas ás que se dirixe

Para participar neste concurso establécense tres categorías, infantil, adulto e artística.

Categoría Infantil: ata 12 anos

Categoría Adulto: dende os 13 anos.

Categoría Artística : inclúe todas as idades.

3. Inscripción

Poderanse inscribir desde o día **da publicación das bases ata o 23 de outubro** de 2022, a través da sede electrónica do concello <https://vilalba.sedelectronica.es/> ou ben presencialmente por rexistro, en horario de 9:00h a 14:00h, cubrindo a folia de inscrición (anexo I), que estará dispoñible na web do concello www.vilalba.gal e na oficina de cultura.

4. Mecánica de participación

Cada participante pode participar en unha ou varias categorías (infantil e artística ou adulto e artística).

Entregaranse as cabazas a concurso o propio día **30 de outubro** de 2022 na Praza da Constitución, en horario de **11h a 12h**. A cada cabaza asignaráslle un número no momento da súa recepción.

Todas as cabazas estarán expostas durante o Domingo, día **30 de outubro** de 2022 na Praza da Constitución, de **12:00h a 17:00h** ininterrompidamente.

As cabazas deben recollerse ao finalizar o sorteo do concurso.

5. Criterios de valoración para o xurado.

BASES APROBADAS POR DECRETO DA ALCALDÍA CON DATA DO 27 DE SETEMBRO DE 2022

Asdo. A alcaldesa

M.^a Elba Veleiro Fernández



Concello de Vilalba

Os criterios de valoración son:

- _ Uso de materiais reciclados: de 0 a 5 puntos
- _ Orixinalidade e creatividade: de 0 a 5 puntos
- _ Dificultade na execución: de 0 a 5 puntos
- _ Grao de relación coa festividade do “Samaín”: de 0 a 5 puntos
- _ Na categoría de infantil valorarase a autonomía na elaboración e presentación do traballo: de 0 a 5 puntos.

No caso de empate na puntuación obtida, o xurado establecerá o mecanismo para desempatar.

6. Premios.

Teremos dúas modalidades de votacións con distintos premios:

Votación Xurado	Votación Popular
CATEGORÍA INFANTIL: _ 1ª premio: 100€ e diploma _ 2º premio: 75 € e diploma _ 3º premio: 50€ e diploma	CATEGORÍA INFANTIL: _ Un único premio de 50€
CATEGORÍA ADULTO: _ 1ª premio: 100€ e diploma _ 2º premio: 75 € e diploma _ 3º premio: 50€ e diploma	CATEGORÍA ADULTO: _ Un único premio de 50€
CATEGORÍA ARTÍSTICA: _ 1ª premio: 100€ e diploma _ 2º premio: 75 € e diploma _ 3º premio: 50€ e diploma	CATEGORÍA ARTÍSTICA: _ Un único premio de 50€
Acumulables a outros premios	

Na categoría infantil, cada participante que non resulte premiado recibirá un pequeno agasallo, que se entregará ao finalizar o concurso.

BASES APROBADAS POR DECRETO DA ALCALDÍA CON DATA DO 27 DE SETEMBRO DE 2022

Asdo. A alcaldesa

M.^a Elba Veleiro Fernández

Concello de Vilalba

Os aboamentos dos premios serán tramitados polo concello de Vilalba através dunha **transferencia bancaria**, previamente será necesaria a presentación do certificado co número de conta ao realizar a inscrición.

O financiamento dos premios farase con cargo á aplicación orzamentaria 334.48942 (orzamento municipal 2022 do Concello de Vilalba).

7. Xurado.

“Votación do xurado”.

O xurado estará composto por un máximo de 5 persoas, designadas polo Concello para este fin, de distintos ámbitos, presidido por Concelleira de Educación, Infancia e Mocidade, Feiras e Mercados ou persoa en que delegue, e técnico de cultura ou persoa en quen delegue, que farán constar o resultado do concurso na acta correspondente.

Tanto a composición dos membros do xurado como a resolución dos premios, faranse públicos na páxina web www.vilalba.gal e na Sede Electrónica do concello.

O xurado comprobará que os participantes reúnen as condicións requiridas nas bases, e a resultas desta comprobación procederá a outorgar aos participantes as puntuacións de conformidade cos criterios que figuran nas presentes bases e procederá a declarar aos gañadores de cada premio.

O fallo do Xurado será inapelable e darase a coñecer o mesmo día do concurso.

“Votación Popular” :

Instalarase unha furna selada na propia exposición onde o público asistente votará as cabazas que máis lles gusten escribindo nunha ficha oficial dispoñible o carón da furna o número que corresponda a cada categoría. Só un voto por persoa e categoría.

Solicitarase nome e apelidos os votantes e apuntaranse nunha lista.

Ás **17:00h** abrirase a furna e contabilizaranse os votos ante o público asistente, en presenza da Concelleira de Educación, Infancia e Mocidade, Feiras e Mercados ou persoa en que delegue, e técnico de cultura ou persoa en quen delegue, que farán constar o resultado do concurso na acta correspondente.

En caso de empate, solicitarase unha man inocente para desfacer o empate, metendo nunha furna os números das cabazas que sexan motivo de empate, resultando

BASES APROBADAS POR DECRETO DA ALCALDÍA CON DATA DO 27 DE SETEMBRO DE 2022

Asdo. A alcaldesa

M.^a Elba Veleiro Fernández



gañadora o número que se saque.

8. Aceptación das bases do concurso.

A participación neste Concurso supón a aceptación íntegra das presentes bases, así como as decisións do Xurado, podendo quedar excluído todo aquel participante que incumpra as mesmas.

9. Protección de datos de carácter persoal

As persoas participantes aceptan, mediante a súa participación neste concurso, a publicación das súas fotografías nas redes sociais, medios de comunicación e web do Concello de Vilalba; e os seus datos serán tratados de conformidade co recollido na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e a restante normativa aplicable na materia.

BASES APROBADAS POR DECRETO DA ALCALDÍA CON DATA DO 27 DE SETEMBRO DE 2022

Asdo. A alcaldesa

M.^a Elba Veleiro Fernández

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

